

APORTACION AO ESTUDO DA POLEMICA DARWINISTA NA GALIZA DO SECULO XIX

Xosé Antón FRAGA VÁZQUEZ

Profesor de Ciencias Naturais
do Instituto de Bachillerato "Monelos" (A Coruña)

1. INTRODUCCION

O estudo da Historia da Ciencia, hirmán esquecida por historiadores e científicos está por facer en Galicia.

A introducción do darwinismo na Galicia do século XIX foi tratada moi escasamente e de xeito incompleto. Carecemos de estudos adicados ao tema dende unha perspectiva galega, que partan da situación da sociedade galega, das súas contradicións e condicións de inserción no Estado Español. Debemos sinalar o traballo "El evolucionismo en Galicia en el siglo XIX"¹; tamén Francisco Dias-Fierros, nunha obra colectiva², fai referencia á polémica evolucionista en Galicia. Compre destacar que o importante científico galego Rodríguez Carracido, protagonista el memo do debate, relata algún episodio da polémica evolucionista na Universidade de Santiago³.

Fóronnos especialmente úteis os libros de Diego Nuñez, *El darwinismo en España*⁴ e Francisco Villacorta, *Burguesía y Cultura. Los intelectuales españoles en la sociedad liberal 1808-1931*⁵. Nestes libros pártese dunha homoxenidade na formación social española (EE) que non compartimos, pero coincidimos con prantexamentos xeráis do tema e evitaremos a repetición.

Ao longo deste traballo a referencia ao termo evolucionismo, darwinismo ou transformismo terá un sentido amplo, no que se inclúen, polas súas consecuencias nas diversas actividades, as aportacións de Ch. Darwin e outros naturalistas (Haeckel, Büchner, Littré...), e de filósofos e teóricos

que contribuíron ao espallamento do darwinismo. O caso de H. Spencer sería un dos mais destacados⁶.

O tempo histórico en que o debate darwinista terá lugar é o dos derradeiros anos do reinado de Isabel II, revolución do 68 (cas importantes consecucións nas posibilidades de difusión de ideas novas) e Restauración borbónica. A burguesía, neste período, vai tomar a dirección do Estado dun xeito peculiar. O darwinismo será utilizado como importante elemento de debate ideolóxico, descubriendo o seu estudo relacións entre Ciencia, Ideoloxía e Filosofía.

A difusión do evolucionismo no Estado Español, estudada polos autores citados, non é plenamente homologábel á difusión en Europa. Francisco Villacorta⁷ fai unha breve referencia ao aspecto diferencial do espallamento do positivismo en Catalunya. Trataremos de analizar as peculiaridades do caso galego e suxerir algunha explicación.

2. O DARWINISMO NOS CENTROS DE ENSINO E INVESTIGACIÓN

2.A. UNIVERSIDADES

A Universidade de Santiago, na segunda metade do século XIX, era a responsábel en Galicia da investigación e docencia científica⁸. A actitude da Universidade perante o evolucionismo é calificada no traballo “El evolucionismo en Galicia en el siglo XIX” de claramente antievolucionista, señalando tres datos fundamentais para xustificalo: prohibición de adquirir obras de Darwin, Haeckel e outros evolucionistas (Darwin e Haeckel non entraron na Biblioteca da Universidade no século XIX); o contido antidarwinista dos discursos de inauguración de curso deste período e a rapidez con que “foi tramitado” o caso González Linares-Calderón.

Engadiremos e/ou destacaremos algúns aspectos da polémica na Universidade:

—A especial sensibilidade antievolucionista iníciase moi cedo. O catedrático de Historia Natural, Planellas, lee no propio 1859 un discurso no que ridiculiza as ideas transformistas.

—A difusión directa das ideas evolucionistas ten lugar no sexenio revolucionario. González Linares e Laureano Calderón son os profesores que, procedentes de fora de Galicia, defenderan as teses darwinistas⁹. Os dous catedráticos ían ser destituídos por opórse ao “decreto Orovio”, a influen-

cia das ideas evolucionistas destes profesores na represión é señalada no traballo xa citado¹⁰.

—No nos consta a presenza doutros profesores evolucionistas na Universidade. No caso de ter existido deberon amosar unha actividade moi reducida e de limitada publicidade. Varela de Montes ten sido citado¹¹ como posíbel precursor das ideas evolucionistas, pero as posicións perante o tema deste afamado médico son dun marcado eclecticismo e non superan ás dos naturalistas Linneo o Buffon do século XVIII. Consideramos que Varela foi mais un científico informado que un precursor, tendo constancia da súa actitude contrária ao positivismo¹².

Teríamos que acudir a Vila Nadal, catedrático de Historia Natural, para atopar un certo darwinismo. Das súas ideas xa comentaremos.

—O número de discursos de inauguración de curso de carácter anti-evolucionista na Universidade de Santiago non ten igual noutras Universidades do Estado Español. Amáis dos cinco sinalados por outros autores, temos atopado un sexto leído por Miguel Francisco Eleizegui (catedrático de “Disciplina General de la Iglesia”) no curso 77-78, con claras alusións contrárias ao darwinismo. Asemade, temos encontrado tres discursos (cursos 63-64, 65-66 e 79-80) de clara apoloxía da dependencia da Ciencia da Eirexa e outros teorizacións que os diversos “científicos” levarían á práctica nos seus ataques ao darwinismo “e demais doutrinas materialistas”.

Unha sintética análise dos contidos dos discursos alusivos ao darwinismo lévanos a distinguir tres momentos diferenciados (sen cuestionarse nunca o papel subsidiario da Ciencia con relación á Relixión):

—Nunha primeira etapa (discursos de Planellas, Macho e Eleizegui, 1860-1880), recórrese á ridiculización e insulto dos darwinistas; defórmanse as teses transformistas; fánse críticas abstractas e descalificacións globais; amósase un evidente descoñecemento do evolucionismo e unha inundación de prexucios relixiosos.

No segundo momento (discursos de Piñeiro Herba e Romero Blanco, 1880-1892), os discursos moderan o ataque; aparece un intento de razonamento (tomista) sobre o tema; existe un certo coñecemento do evolucionismo e evidénciase a necesidade de dar algunha resposta, con apoio nos naturalistas pasados ou presentes antievolucionistas.

Con Vila Nadal (1903) deféndese a posibilidade dun “darwinismo ortodoxo” non contradictorio cas posicións da Eirexa. Supón un adianto, que Vila pagará cos ataques de certos sectores “ultra”. A defensa da interpretación bíblica como válida e certas calificacións ao materialismo evidencian que o darwinismo impónse con fortes dores. Algo importante no discurso

reside na tímida suxeréncia de Vila en relación ca autonomía da Ciéncia verbo Relixión.

—O estudo comparado das téses antievolucionistas expresadas polos voceiros da Universidade e os representantes da Eirexa galega amosa unha similitude nos contidos e nos eixos da crítica. A Eirexa e Universidade galegas, elementos fundamentáis da concienciación do pobo galego nesta época forman un “frente antidarwinista”. O feito da semellanza na argumentación dos “intelectuáis eclesiásticos” e “científicos seglares” evidencia a total dependéncia da Ciéncia á Relixión. Os livianos intentos de aproximarse ás algo mais moderadas posturas de certos sectores da Eirexa estatal van ser duramente contestados polo pechado mundo eclesiástico galego (casos Franrobla e Vila Nadal).

—Perante o panorama descrito non nos pode extrañar que cando se artella unha alternátiua burguesa no ensino universitário, promovida pola pequena burguesía intelectual liberal, a Institución Libre de Enseñanza, a Universidade galega permanece muda, e debamos acudir a casos como os de Montero Rios e Carracido que traballan lonxe de Galicia, para atopar galegos nesta Institución. Gómez Molleda¹³ explica as dificultades da ILE en Galicia. A Universidade de Santiago, pois presentaba claros síntomas de inadecuación ao nacente sistema burgués.

2.B. ENSINO MEIO: OS INSTITUTOS

Manuel de Puelles, nun excelente libro¹⁴, explica os avatares do ensino *meio no século XIX no Estado Español*. Os Institutos son concebidos cara ás “clases meias”, é dicir, burguesía e pequena burguesía. O dato proporcionado por Xosé Ramón Barreiro, señalando que en 1868 Galicia participaba nun 5,6% do Ensino Meio estatal e nun 11,2% do número de seminaristas, parece indicar unha febleza urbana e/ou de “clases meias” neste período.

O estudo que temos realizado baséase nos datos aportados polas Memórias dos Institutos e outras referéncias múltiples. Os Institutos dos que dispoñemos de mais información son os de Coruña, Santiago e Ourense.

*O dato mais interesante atopado, que se cita por vez primeira, é o da preséncia do libro *A orixe das especies* de Ch. Darwin entre os libros adquiridos polos Institutos de A Coruña e Ourense. A relevancia deste dato*

está na comparación co ocorrido a este libro na Universidade. No Instituto de A Coruña o libro aparece na lista de adquiridos no curso 1876-77¹⁵ (debe tratarse da 1ª. edición española publicade nese ano de 1877). No curso 1878-79 repítese a merca¹⁶. En Ourense (sendo Biblioteca provincial a do Instituto), o libro devandito aparece mercado no curso 83-84¹⁷ (2ª. edición).

A aparición do famoso libro de Darwin nestes dous Institutos, e a non presenza nos outros consultados (non temos datos do I. de Pontevedra) non se pode calificar de casual. O estudo comparado das Bibliotecas confirman que no caso do I. de A Coruña, e en menor medida no de Ourense, o movemento de obras e revistas é importantes e cheo de títulos anovadores; en contraste ca apatía doutras bibliotecas (por exemplo, Santiago). A disminución da presión exercida polos grupos dominantes en certas cidades de Galicia parece estar detrás de feitos como o reseñado.

3. A EIREXA E A INTELLECTUALIDADE CATÓLICA

Pódese afirmar, en termos xerais, a existencia da identidade Eirexa galega-antievolucionistas. O darwinismo, como parte da Ciencia e das ideas do liberalismo, é tomado —pola Eirexa— como enemigo ao que combater. Na defensa dos seus privilexios materiais e ideolóxicos (identificados co Antigo Réxime), a Eirexa vai loitar contra o sistema libera e os seus apéndices resitíndose á adecuación ao “novo orde”.

Temos xa referido o importante número, relativo, de seminaristas desta época. Barreiro Fernández¹⁸ explica a ridícula ou nula preparación que para as Ciencias da Natureza recibían os futuros cregos. Púlpito, xornais e revistas, Universidade, colexios privados, censura de obras, Centros Católicos de Obreros, Juventud Católica, etc., son medios dos que a Eirexa galega se vai valer para difundir unha dura crítica ás novas ideas e unha defensa da Biblia como fonte de coñecimento sobre os seres vivos e a súa orixe.

Algúns protagonistas¹⁹.

—1875, *El materialismo ante la ciencia*, por ANTONIO ELEIZEGUI (inxenheiro).

—1877, *La herencia simia del hombre*, FRANROBLA (Romero Blanco). *El anticristianismo sin máscara. Contestación a Franrobla sobre el pecado original, escrita por un discípulo de la fe católica*, (Pontevedra), por

LOPEZ NOVOA (carlista escandalizado por “exceso”). *La herencia del primer pecado según la ciencia y la carta de un cura* (Santiago), por FRANROBLA (contestación ao ataque).

—1890, Discurso de inauguración de curso no Seminario Conciliar de Santiago por o crego VICENTE PEREZ SANDAR, catedrático S. Teoloxía.

—1893, *El darwinismo y la ciencia* (Lugo), por ANTOLIN LOPEZ PELAEZ. Ataque ignorante a desmedido do que chegaría a ser un importante voceiro dos “neos”.

—1902, *La vida orgánica en si misma y en sus manifestaciones* (Madrid), por FRAY PLACIDO REY LEMOS. Aínda que ten un certo coñecimento do evolucionismo, a súa crítica era totalmente absoleta e acientífica.

O caso de Emilia Pardo Bazán será tratado por separado. Na lista poderíamos incluír a pensadores que interviron no debate e foron bastante difundidos en Galicia (Polo Peyrolon, Fray Ceferino González,...).

No estudo da crítica ao darwinismo da Eirexa galega atopamos datos que nos moven a unha derradeira reflexión, da que esperamos ter confirmación definitiva en futuros estudos. A Eirexa galega mantén un nivel de crítica máis forte de cara ao evolucionismo que a hirmán estatal. No conxunto da Eirexa do Estado hai claros síntomas de evolución e matización de posicións. Fray Ceferino González, un dos dous únecos españois expresamente designados por León XIII para formar parte da Academia Romana de Santo Tomás de Aquino²⁰ e, xa que logo, un dos máis destacados voceiros e intelectuais da Eirexa estatal, con importantísimo paso nas decisións desta, amosa un claro cámbio de posicións cara ao darwinismo co paso do tempo. De unha actitude de rexeitamento total pásase a unha aceptación parcial e matizada, estase no camiño de “axustarse” ás esixencias do novo sistema.

No caso galego non atopamos ca mesma claridade ese proceso e si, pola contra, fortes reaccións a tímidas aperturas. Cando Franrobla (o antievolucionista Romero Blanco) publica (por certo, adicado a Fray Ceferino) *La herencia simia del hombre* sofre ataques do crego carlista López Nóvoa. O profesor Vila Nadal, con teses semellantes a Fray Ceferino, vai ser obxecto de censura; e o integrista Amor Neveiro, seguindo instrucións do arcebispo, actuou como censor. Estes conflitos no seo da Eirexa poñen de manifesto unha importante presenza de elementos carlistas con poder no clero galego, cousa confirmada polos datos aportados por Xosé Ramón Barreiro²¹. Como explicaba moi ben M^a. Francisca Castroviejo²². á Eirexa galega cóstalle moito superar o trauma que lle supón a adaptación ao novo sistema liberal. As estruturas do poder tradicional, a fidalguía, ían ter unha lenta morte en Galicia, e con elas o aparello ideolóxico.

4. EMILIA PARDO BAZÁN (1851-1921)

A participación de Emilia Pardo Bazán na polémica evolucionista foi sinalada hai tempo. Diversos autores teñen destacado as “Reflexiones críticas contra el darwinismo” e as referencias ao evolucionismo na novela *Los pazos de Ulloa*.

A ideoloxía da Pardo Bazán está a cabalo entre o tradicionalismo católico e o liberalismo cosmopolita burgués. A novelista, dotada dunha notábel intelixencia e cultura, vai participar con decisión —e certo desexo de notoriedade— en abundantes polémicas, para as que non sempre terá a preparación requirida. Emilia Pardo Bazán síntese e actúa como unha intelectual española; desculpa e desprezia paternalmente aos escritores galegos e desconfía do rexionalismo político.

CRONOLOXIA CIENTÍFICO-EVOLUCIONISTA

O interese da Pardo Bazán polo darwinismo forma parte da atracción que sentía pola divulgación científica.

—1876. 14 artigos de divulgación científica co título “La Ciencia amena”, na *Revista Compostelana*. Polémica con Octavio Lois sobre temas de Física.

—1877. “Reflexiones científicas contra el darwinismo”, na revista *La Ciencia Cristiana* (dirixida polo “neo” Ortí y Lara).

—1879. *Pascual López* (novela). Consideramos que tanto o tema como unha das moralexas (transformación esaxerada, ciencia tola) teñen que ver coa visión científico-evolutiva da Pardo Bazán.

—1881. Artigo do catedrático Rodríguez Mourelo na revista *La Ilustración Gallega y Asturiana* (8-IV-81), neste artigo —que é citado por vez primeira— R. Mourelo fai unha amistosa crítica das ideas de Emilia Pardo Bazán sobre o darwinismo.

—1881. Carta de Pardo Bazán a Víctor López Seoane (12-IV-81). Citada no xornal *La Voz de Galicia* de 11-VII-1982 por Lois Vázquez. Nesta carta ao famoso naturalista, a Pardo Bazán fai valoración do darwinismo, crítica a Polo e suxire un posíbel futuro contacto co propio Darwin.

—1883. *La cuestión palpitante*. Libro de crítica literaria no que temos atopado abundantes referencias ao evolucionismo e á súa influencia na li-

teratura naturalista. Emilia Pardo chega a falar do interesante que sería un libro sobre o darwinismo na arte contemporánea. Tanto Polo como Barcia Caballero criticaron “excesos naturalistas” da Pardo Bazán.

—1886. *Los pazos de Ulloa* (novela). Ridiculización do darwinismo.

—1886. Polo (caracterizado carlista dun antievolucionismo extremo, autor do libro *Supuesto parentesco entre el hombre y el mono*, (1878) regala, con afectuosa dedicatória, a Emilia Pardo Bazán o libro, traducido por él, *Apología científica de la fe cristiana* del canónigo F. Duilhé de Saint-Projet (libro atopado, ca adicatória, por nos na Biblioteca da Real Academia Gallega).

—1891. *La piedra angular* (novela). Son interesantes as referencias ao darwinismo nesta novela; parecen amosar un cámbio de matiz nas ideas da Pardo Bazán (non temos noticia do seu estudo até hoxe).

VALORACION

—Na consideración do darwinismo interfiren notáblemente os prexucios relixiosos de Emilia Pardo e certa ambigüidade persoal e intelectual.

—Interpreta o evolucionismo como case sinónimo de determinismo. Esta errónea concepción mecanicista é parcialmente comprensíbel, a partires dos excesos cientifistas de Zola e outros.

—Considera ao darwinismo como unha conxectura á que compre criticar con datos (desacordo cos insultos de Polo); reconece a categoría científica de Darwin e admite a posibilidade de certo evolucionismo que —por suposto— non cuestionaría á Relixión Católica.

—Hai un cámbio, non cualitativo, nas suas ideas ao longo dos anos, moderando as críticas. Na novela *La piedra angular* chega a ridiculizar aos que atacan ao darwinismo dun xeito insultante, quizáis por verse reflexada ela mesma na incompresión á *La cuestión palpitante*.

—Chega a comprender que Darwin non cuestiona á Relixión. Esta intelixente interpretación é próxima á de F. Ceferino (2ª. etapa) e ás ideas concordistas de certos sectores católicos.

—Insiste en non ter medo á Ciéncia, este sentido relativamente moderno contrasta cas posicións dominantes, nesos anos, entre os católicos galegos (exemplo, Antolín López Peláez).

5. VICTOR LOPEZ SEOANE (Ferrol 1834 A Coruña 1900)

De Victor López Seoane ten sido sinalada a correspondencia con Darwin²³. López Seoane, hoxe esquecido, foi un dos máis importantes naturalistas de Galicia. Primeiro profesor de Historia Natural do Instituto de A Coruña, escribiu máis de vinte publicacións científicas e destacou como coleccionista, acadando sona internacional²⁴.

Relacións co darwinismo.

—1865. Fundador da Sociedad Española de Antropología.

—1878. Socio da Sociedad Española de Historia Natural.

—1881. Carta de Emilia Pardo Bazán, xa citada, de 12-IV-1881.

—1881. Carta de Darwin de 27-XII-1881. Consérvase no Instituto José Cornide.

—1882(?). Foto de Darwin con nota do seu fillo Francis, posterior á morte de Ch. Darwin. Tamén se atopa no Instituto José Cornide (A Coruña).

—1897. Atopamos unha cita no folleto que publicou neste ano, *Bosquejo histórico de la Botánica española* do P. Didon —co apoio implícito de López Seoane— “...se no reino animal á hora da loita pola existencia, a forza da o triunfo, no reino humano...”.

—Temos analizado a Biblioteca particular do naturalista, donada pola familia ao Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses e atopamos nela as obras dos evolucionistas máis importantes, algunhas nas primeira edicións orixinais.

VALORACION

Victor López Seoane foi, sobre todo, un sistemático e un coleccionista, máis inclinado á descripción que ao estudo teórico, aquí as dificultades de atopar referencias claras sobre as súas ideas de teoría.

Polos datos dispoñibéis deducimos que, partindo do recoñecemento da autoridade científica de Darwin, Victor López Seoane tiña estudado o darwinismo. Seguramente foi proevolucionista moderado e non militante.

6. O REXIONALISMO GALEGO E A CIENCIA

Non teñen sido estudadas as relacións do rexionalismo galego e as novas ideas científicas. Correndo o risco de caer na suposición, desexamos iniciar unha modesta análise do tema.

A polémica darwinista coincide, en gran parte, co proceso de constitución do rexionalismo galego²⁵. O rexionalismo xurde no intre de ascenso da burguesía a clase dominante no conxunto do Estado Español. Xosé Ramón Barreiro²⁶ propón catro aportacións básicas ao rexionalismo: 1) renacimiento cultural, 2) preocupación agrária, 3) tradicionalismo e 4) federalismo republicano. Dende o punto de vista da ideoloxía, consideramos que dúas debían ser as aportacións fundamentais: tradicionalistas e republicanos federais. A presenza no mesmo movemento de dúas correntes tan dispares (cousa relativamente habitual na historia do nacionalismo) amosa unha contradición máis aparente que real se a análise se fai dende unha perspectiva de contestación política ao modelo imposto pola Restauración ás nacións do Estado Español²⁷.

O sector tradicionalista pode ser considerado o de meirande presenza nas producións teóricas rexionalistas. En Santiago había un núcleo intelectual de gran influencia, con actividades diversas: ensino, xornais e revistas, Juventud Católica, Circulos Católicos de Obreros..., entre os tradicionalistas destacan:

—Alfredo Brañas. No seu famoso libro *El Regionalismo*, dempóis de defender a existencia dunha raza galega, chama “extravagante” a Lamarck. Na súa morte o “ultra” antievolucionista Polo escribiu un sentido artigo no xornal *El Pensamiento de Galicia* (3-IV-1900).

—Barcia Caballero. Militante “antimaterialista”. Criticou os “excesos naturalistas” de Pardo Bazán e foi un destacado propagandista católico. Colaborou nalgunha obra co catedrático antidarwinista Piñeiro Herba.

—Romero Blanco. Xa citado como catedrático antievolucionista. Resulta evidente a postura antievolucionista de significados rexionalistas carlistas: López Ferreiro, Cabeza de León, Vázquez de Mella,...

—O rexionalista coruñés Martínez Salazar nun artigo de 1893 apoia as “ultras” posicións antidarwinistas de López Peláez.

O grupo republicano tiña importancia en Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Vigo²⁸. Non dispoñemos de datos directos sobre o tema que nos ocupa, pero é lóxico supoñer actitudes evolucionistas en homes como Leiras Pulpeiro, Segundo Moreno Barcia, Ramón Pérez Costales (o “doctor Moragas” de *La piedra angular*)...

Manuel Barros, rexionalista, aparece citado como propagandista do evolucionismo²⁹. Pensamos que Curros debeu ser partidario das ideas darwinistas, pois era admirador de Spencer³⁰.

Facendo unha valoración provisoria afirmaria que o rexionalismo galego foi mais ben antidarwinista, polo peso do sector tradicionalista, dominante na afirmación galega destes anos.

7. O PROLETARIADO GALEGO E O DARWINISMO

A historia do movemento obreiro galego está a facerse³¹. Non sabemos de ningún estudo sobre a introducción do darwinismo no proletariado galego.

O movemento obreiro galego da segunda metade do XIX tiña unha manifesta febleza, tanto polo baixo número de proletarios no conxunto da poboación galega, como por estar case restrinxido a escasos núcleos (Ferrol, A Coruña e Vigo). Das dúas correntes existentes no seo do movemento obreiro da época, a anarquista pode considerarse maioritaria no Estado Español e en Galicia nestes anos³². O núcleo anarquista mais importante estaba localizado na Coruña e os socialistas tiñan forte presenza en Vigo e Ferrol. Centraremos o estudo nos grupos anarquistas polo seu carácter maioritario e superior preocupación polo aspectos ideolóxicos e culturais. Partiremos das análises expostas por Álvarez Junco no seu libro *La ideología política del anarquismo español (1868-1910)* sobre a relación anarquismo-evolucionismo.

Alguns datos.

—Ricardo Mella (nado en Vigo), publicou numerosas referencias ao evolucionismo. En 1889, nuns artigos premiados no certamen socialista de Reus, é un dos últimos anarquistas que manifestan a súa adhesión incondicional ao darwinismo. En 1905, revista *Natura*, escribe Por la anarquía citada por Diego Nuñez³³ con referencias ao darwinismo.

—No 1883, *La Propaganda* (seminario anarquista vigués) publica un artigo titulado “La teoría de Darwin” (4-III-1883).

—No 1903, *Germinal* (periódico quincenal anarquista coruñés) publica no número 1 un comentario de Tarrida favorável á visión evolucionista de Kropotkin.

—No 1896 Federico Urales publicou *Sociología anarquista* na colección da Biblioteca El Corsario (A Coruña).

—No 1905 Marcial Lores publica un folleto *Creencia y Ciencia* na Biblioteca El Sol (A Coruña), na que se mostra partidario e divulgador das ideas de Darwin, Haeckel, Lamarck e Büchner. A partires da nosa investigación descubrimos os contidos evolucionistas deste folleto.

—Outros froitos do noso traballo foron os seguintes datos:

Numerosos xornáis, revistas e libros de todo o Estado eran distribuídos en Galicia. Os artigos da *Revista Social* e *Revista Blanca* sobre o evolucionismo e os libros evolucionistas chegaban aos centros anarquistas. O historiador Emilio González López manifestounos que o seu pai, obreiro anarquista coruñés, tiña numerosos libros darwinistas na súa biblioteca e cita a Haeckel como autor difundido.

O mesmo González López afirmounos que no Centro de Estudios Sociales Germinal (A Coruña) a biblioteca dispoñía de numerosas obras proevolucionistas.

Ademáis, existiron sociedades de librepensadores onde obreiros e pequeno-burgueses organizaban diversos actos; non está de mais supoñer que o tema do darwinismo fora obxecto de divulgación. Un librepensador galego destacado foi D. José de la Hermida y Castro (primo de Rosalía de Castro), do que Durán afirma que era propagandista do evolucionismo³⁴. Diego Nuñez cita no seu libro³⁵. Tamén o socialista Verdes Montenegro, catedrático a fins de século en Ourense, fixo espallamento do darwinismo³⁶.

VALORACION

Os escasos datos de que dispoñemos, confirmannos que a difusión do darwinismo no seo do proletariado galego foi semellante á do resto de Estado Español. Non é de extrañar esto, posto que non son precisamente os anarquistas partidarios de nacionalismos, nunha superficial interpretación do problema nacional. Non se pode falar de aportación específica do proletariado galego á polémica, a non ser a menor difusión polo carácter minoritario do movemento obreiro na Galicia do XIX. Quizáis poida resaltarse que a visión das ideas científicas foi algo máis optimista ou existiu un certo atraso na valoración crítica. Así parecen indicalo citas como a seguinte, non moi diferentes doutras de xornáis burgueses:

“La Burguesía ya no sabe como defendese de la demoledora obra de la Ciencia” (*El Productor*, semanario obreiro anarquista de A Coruña, no artigo do 17-IX-1896, titulado “La Propiedad”).

8. A INTELLECTUALIDADE EMIGRANTE

Dos intelectuais galegos emigrados dous, Rodriguez Carracido e Rodriguez Mourelo, destacan no terreo da polémica darwinista. A súa inclusión neste traballo se debe a que consideramos á Galicia emigrante como unha triste parte de Galicia e ter demostrado Carracido e Mourelo a súa conciencia de galegos.

Rodriguez Carracido (Santiago 1856-Madrid 1928).

Estudiante en Santiago e catedrático de Química Orgánica na Universidade de Madrid, onde chegou ser rector. Membro destacado da ILE.

Non nos imos deter na coñecida participación de Carracido na polémica evolucionista. Ten sido citado moitas veces e podemos atopar datos no seu libro *Estudios histórico críticos de la Ciencia española*.

Temos amplamente documentadas simpatías de Carracido polas ideas rexionalistas. Destacaremos unha cita do poeta Curros no semanario *La Tierra Gallega* da Habana³⁷: “como todos los jóvenes que valen, el Sr. Carracido viose halagado más de una vez por los partidos políticos, pero tuvo el buen acuerdo de no ingresar en ninguno, para dedicarse de lleno a trabajar por la causa de la pequeña patria, al lado de A. Brañas y de Murguía con quienes formaba el triunvirato del regionalismo gallego”.

Rodriguez Mourelo (Lugo 1857-Madrid 1932).

Catedrático de Química na Universidad de Madrid.

—Artigo na *Ilustración Gallega y Asturiana* de crítica á Pardo Bazán xa citado. Partidario do darwinismo.

—Características y tendencias de las ciencias naturales en la época presente” na *Revista Hispanoamericana* I-1881, pág. 229. Citado por D. Nuñez.

VALORACION

Tanto Carracido como Mourelo son intelectuais da pequena burguesía galega. As súas posicións evolucionistas contrastan ca homoxenedade anti-darwinista dos colegas da Universidade de Santiago.

9. OUTRAS TESTEMUÑAS

Octavio Lois Amado (Sanxenxo 1857-Pontevedra 1888).

Foi un bó coñecedor das Ciencias. Morreu de subdirector do “Instituto Meteorológico Central”.

—*Recreaciones científicas* (Pontevedra, 1881). Defende o evolucionismo e a concepción de Haeckel.

—“Estudios populares de filosofía positiva” (1885) na *Revista España*, XCVII, XCIC, CI, 1884, páxs. 249, 77 e 225 e CIII-III, 1885, págs. 30 e 509. Citado por Nuñez.

Indalecio Armesto (Pontevedra 1839-Pontevedra 1891).

Importante xornalista. Sufriu persecución do poder civil e eclesiástico. Republicano formado nos círculos republicanos madrileños.

No libro *Discusiones sobre Metafísica* (1878, Pontevedra) apoia o evolucionismo e o positivismo.

Claudio Cuveiro (Pontevedra).

Xornalista. Traductor de Haeckel no *Historia de la creación natural o doctrina científica de la evolución* (1878-79).

A morte de Darwin no xornal *La Voz de Galicia* (republicano moderado). O 22-IV-1882: Paris 21 (5 tarde), “Según telegramas recibidos de Londres, ayer falleció en aquella capital, á los 71 años de edad el célebre y sabio naturalista D. M. Darwin”.

A nota é simplemente do servizo telegráfico e contén erros.

O xornal republicano *El Telegrama* non publicou nada (?).

10. CONCLUSIONES

Unha primeira análise dos datos recollidos lévanos a destacar algunhas das características do espallamento do darwinismo en Galicia, que evidencian un desfase do caso galego en relación á situacións no Estado:

—Confirmación dos sectores sociáis interesados na defensa do evolucionismo e a súa febleza en Galicia.

E coñecido que, en termos xerais, as ideas transformistas foron parte importante de bagaxe ideolóxica da burguesía e, con matizacións, do proletariado. No Estado Español temos citado estudos do tema. En Galicia atopamos unha relativa confirmación, matizada polo carácter minoritario das forzas interesadas na instauración do novo sistema liberal.

A febleza da burguesía galega (e consecuentemente do proletariado) no século XIX ten sido referida polos historiadores galegos. En Galicia os defensores das ideas darwinistas serán intelectuais pequeno-burgueses adheridos á ideoloxía burguesa liberal e/ou propagandistas do proletariado. O minoritario das ideas proevolucionistas, e o localizado destas (certos núcleos urbáns) corresponde ca devandita mínima presenza destes grupos sociais sustentadores.

—Posición dominante dos antievolucionistas e papel destacado da Eirexa. Reflexo do anteriormente relatado, os grupos sociais vinculados ao Antigo Réxime (fidalguía elesiástica e civil) dominan a vida galega do XIX especialmente no terreo ideolóxico onde o clero e os intelectuais católicos forman un fronte de oposición ás novas ideas liberáís. Característico da situación galega é a poderosa presenza dos carlistas no debate, dándolle un tono especialmente reaccionario e provocando conflitos con outros sectores máis “modernos” do “fronte católico”. O propio rexionalismo galego, no aspecto ideolóxico, recibe unha importante aportación dos integristas.

—Manipulación da Ciencia polas ideas relixiosas.

Coidamos que a relación Ciencia-Ideoloxía, sempre existente, ten aspectos positivos, mais os prexucios ideolóxicos introducidos no mesmo cerne do discurso científico, son nefastos para a Ciencia. Na polémica darwinista temos constatado a manipulación da Ciencia polas ideas relixiosas, admitindo (o sector católico) unha certa análise científica cando se preveen conclusións “non perigosas”.

A Ciencia galega da época, en correspondencia ca sociedade, caracterizábase —en termos xerais— polo seu baixo nivel. A Ciencia oficial estaba lonxe das necesidades da sociedade.

—Dificultades dos intelectuais progresistas para obter apoio social e consecuente marxinação e/ou emigración.

Os intelectuais progresistas eran membros da pequena burguesía que carecían de burguesía á que dirixirse e, esquecido o proletariado, irán sufrindo unha arrepianante marxinação. Xeralmente son darwinistas como parte do credo liberal-progresista. A emigración ou certos ambientes urbanos, serán o acougo destes homes.

—Espallamento do evolucionismo ao marxe e contra das institucións.

O control das institucións polos integristas provoca unha difusión das ideas darwinistas ao marxe destas. A Universidade toma partido totalmente a favor dos antievolucionistas e as novas ideas recorrerán Galicia polos camiños parainstitucionais: Academia de Medicina, Institutos de certas cidades liberáís, revistas progresistas, actos en centros obreiros, sociedades de librepensadores, etc...

Galicia, no século XIX, é unha sociedade estancada económica, social, política e culturalmente con formas propias do Antigo Réxime no momento en que a burguesía está a tomar o poder no Estado. Para nos, como hipótese, as características do debate darwinista na Galicia do XIX, síntomas claros do estado da Ciencia e a Ideoloxía, explícanse por ese estancamento da sociedade galega dominada por grupos sociais do pasado. A consolidación do ascenso burgués na Restauración borbónica vaise realizar co apoio de certas burguesías, que no novo sistema defenderán os seus intereses, en perjuicio do desenrolo de certas zonas do Estado (por exemplo Galicia), pechando este desenvolvemento dependente da nación galega o círculo do subdesenrolo no que Galicia quedará anegada.

NOTAS

1 Na revista *Compostellanum*, v. XVI, 1971. Son autores: JOSE RAMON BARREIRO FERNANDEZ, M^a ROSAURA RODRIGUEZ DIAZ e LUZ RUIBAL SOBRAL.

2 *Los gallegos*, (Madrid 1976). DIAZ-FIERROS cubre a parte correspondente a "Cultura Científica", páxs. 423-461.

3 *Estudios histórico-críticos de la Ciencia española*, (Madrid 1917), 2^a. edición.

4 *El darwinismo en España* (Madrid 1977).

5 *Burguesía y cultura. Los intelectuales españoles en la sociedad liberal 1808-1901*, (Madrid 1980).

6 FRANCISCO VILLACORTA, op. cit. pág. 82.

7 Ibidem. pág. 83.

8 DIAZ-FIERROS, *Los Gallegos* (Madrid 1976); pág. 452.

9 Relatado por RODRIGUEZ CARRACIDO, op. cit., páxs. 273-277.

10 JOSE RAMON BARREIRO e outros, op. cit., pág. 551.

11 Ibidem. páxs. 542-544.

12 *La verdadera filosofía y los intereses materiales*, VARELA DE MONTES, (Madrid 1852).

13 *Los reformadores de la España contemporánea*, (Madrid 1966), pág. 303.

14 *Educación e ideología en la España contemporánea* (Barcelona 1980).

15 *Memória do curso 76-77*, apéndice núm. 9.

16 *Memória do curso 78-79*, págs. 50.

17 *Memória do curso 83-84*, pág. 48.

18 BARREIRO FERNÁNDEZ, *Historia de Galicia. Edade Contemporánea* (Vigo 1981), pág. 118.

19 *Omitimos aos xa citados profesores universitarios.*

20 GOMEZ MOLLEDA, op. cit., pág. 22.

21 *El carlismo gallego*, (Santiago 1976). XOSÉ BARREIRO.

22 *Aproximación sociológica al carlismo gallego* (Madrid 1977), pag. 162.

23 *La Voz de Galicia* de 20-IX-1972.

24 Donou numerosas coleccións a Museus de Galicia, Madrid y Europa. Díaz-Fierros, op. cit. páx. 449, fala das amplias relacións internacionais. "Recibín as moi interesantes obras suas: eu ignoraba que Galicia poseera un naturalista tan consumado". (Günter, director do Muséu Británico).

25 Sería a 3ª. etapa no camiño do nacionalismo. X. R. BARREIRO, *História de Galicia. Edade contemporánea*, (Vigo 1981), páxs. 327-342.

26 Aproximación metodolóxica al estudio del federalismo republicano en Galicia, por X. R. BARREIRO, (1973).

27 *A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez*, por FRANCISCO RODRIGUEZ SANCHEZ, (Vigo 1972). Até a páx. 63, fai un interesante estudo dos principais fenómenos ideolóxicos no Estado Español e Galicia.

28 Ver MORENO GONZALEZ, na *Gran Enciclopedia Gallega*.

29 *Crónicas-3* (Madrid 1981), páx. 125. Obra de J. A. DURAN.

30 FRANCISCO RODRIGUEZ, op. cit., páxs. 63, 98, 137 e 138.

31 GONZALEZ PROBADOS e DIONISIO PEREIRA. Pode consultarse a obra xa citada de Barreiro (Edade Contemporánea), tamén escritos de R. MELLA e ENRIQUE BOTANA.

32 *El laberinto español*, por G. BRENAN, páx. 164.

ENGELS, F.: *Los bakunistas en acción* (1873).

JUTGLAR, *Ideologías y clases en la España contemporánea (1800-1874)*, 1973, páxs. 258-282.

TUÑÓN DE LARA, na obra *La España del siglo XIX*.

33 Op. cit., páx. 366.

34 J.A. DURAN, op. cit. 129-130 e *Crónicas-2*, páx. 182.

35 D. NUÑEZ, op. cit., páx. 395: Veritas, 1902.

36 D. NUÑEZ, *ibidem*, páx. 398, (1907).

37 Citado por FRANCISCO RODRIGUEZ, op. cit., páx. 37.